

ACTA NÚM. 11 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL QUE TIVO LUGAR O DÍA QUINCE DE XUÑO DE 2019.

Na localidade de Santiago de Compostela no Salón de Sesións da Casa Consistorial cando son as 11:05 horas do día 15 de xuño do ano 2019, reúnense os/as concelleiros/as electos/as proclamados/as pola Xunta Electoral de Zona co fin de celebrar a sesión constitutiva da nova corporación e elixir alcalde-presidente.

ASISTEN:

ABAL RODRÍGUEZ, MARTA
ANTÓN VILASÁNCHEZ, MARÍA ANGELES
BEN OTERO, EVARISTO
CASTRO SÁNCHEZ, MARÍA MILAGROS
CIGARRÁN VICENTE, BEATRIZ
CONSTENLA RAMOS, JOSÉ ANTONIO
DÍAZ VARELA, NOA SUSANA
DUARTE VÁZQUEZ, JORGE CARLOS
FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, JOSÉ JAVIER
GUINARTE CABADA, GUMERSINDO
HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS, AGUSTÍN
LOIS GONZÁLEZ, MARTA IRENE
MUÍÑOS SÁNCHEZ, GONZALO
NORIEGA SÁNCHEZ, MARTIÑO
NOVO REY, BRANCA PETRA
PEDROSA CARRETE, MARÍA ESTHER
PEÑA VIDAL, RAFAEL
PICHEL PATIÑO, JOSÉ MANUEL
QUIROGA LIMIA, RAMÓN DE JESÚS
RIVAS DE CASTRO, NAVIA
ROSÓN FERREIRO, MERCEDES
SABEL IGLESIAS, ANA BELEN
SÁNCHEZ BUGALLO, JOSÉ ANTONIO
SÁNCHEZ-BRUNETE VARELA, ALEJANDRO
SANMARTÍN REI, MARÍA GORETTI

D. Juan Ramón González Carnero, **interventor xeral do Concello.**

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

ORDE DO DÍA:

PRIMEIRO.- Formación da Mesa de Idade.

SEGUNDO.- Xuramento ou promesa do cargo de concelleiro/a.

TERCEIRO.- Elección de Alcalde-Presidente.

CUARTO.- Xuramento ou promesa e toma de posesión do alcalde.

PRIMEIRO.- FORMACIÓN DA MESA DE IDADE.

En primeiro lugar, procédese a constituír a Mesa de Idade integrada polos concelleiros electos de maior e de menor idade presentes no acto e da que será secretario o secretario xeral do pleno, tal e como dispón o artigo 195.2 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral e o artigo 122 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Consonte ao establecido no artigo 195 da vixente Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, a constitución da Excm. Corporación Municipal virá presidida pola chamada Mesa de Idade, integrada polo señor concelleiro electo de maior idade como presidente e o concelleiro electo de menor idade como vogal, da que será secretario o secretario xeral do pleno.

Consonte aos datos obrantes na secretaría xeral correspóndelles ser membros da mesa a Don José Antonio Sánchez Bugallo como presidente e a Dona Navia Rivas de Castro como vogal.

Proceden ambos membros da mesa de idade a xurar o cargo.

Toma a palabra Dona Navia Rivas de Castro quen promete por imperativo legal cumprir fielmente as obrigas do cargo de vogal da Mesa de Idade con lealdade a súa maxestade El-Rie e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

A continuación Don Xosé Antonio Sánchez Bugallo fai a promesa de cumprir fielmente as obrigas do cargo de presidente da Mesa de Idade con lealdade a súa maxestade El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Queda constituída a Mesa de idade por Don Xosé Antonio Sánchez Bugallo como presidente e por Dona Navia Rivas de Castro como vogal.

SEGUNDO.- XURAMENTO OU PROMESA DO CARGO DE CONCELLEIRO/A.

Logo de constituída a Mesa de Idade, procédese a comprobar por ésta as credenciais presentadas e encontradas conformes, a Mesa declara constituída a Corporación previo cumprimento da prestación do xuramento ou promesa que ten lugar a continuación.

Abal Rodríguez, Marta: Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a súa maxestade El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Antón Vilasánchez, María Angeles: Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a súa maxestade El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Ben Otero, Evaristo: Xuro cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a súa maxestade El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Castro Sánchez, María Milagros: Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Cigarrán Vicente, Beatriz: Xuro cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a súa maxestade El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Constenla Ramos, José Antonio: Xuro cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a súa maxestade El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Díaz Varela, Noa Susana: Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

(Promete neste momento, Dona Milagros Castro Sánchez, pero aparece recollido no lugar que lle corresponde por orde alfabética).

Duarte Vázquez, Jorge Carlos: Prometo por imperativo legal cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a xefatura do estado e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, e prometo seguir traballando polo ben común e a veciñanza deste concello, especialmente daquelas persoas que máis o necesitan.

Fernández Martínez, José Javier: Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a súa maxestade El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Guinarte Cabada, Gumersindo: Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a súa maxestade El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Hernández Fernández de Rojas, Agustín: Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a súa maxestade El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Lois González, Marta Irene: Prometo por imperativo legal cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade á xefatura do estado e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Muñíos Sánchez, Gonzalo: Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a súa maxestade El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Noriega Sánchez, Martiño: Por Maruxa, por Coralia, por María Miramontes, na memoria de Ánxel Casal, Camilo Díaz, prometo por imperativo legal cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade á xefatura do estado e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental.

Novo Rey, Branca Petra: Prometo por imperativo legal cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a súa maxestade El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Pedrosa Carrete, María Esther: Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a súa maxestade El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Peña Vidal, Rafael: Prometo por imperativo legal cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade á xefatura do estado e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Pichel Patiño, José Manuel: Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a súa maxestade El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Quiroga Limia, Ramón de Jesús: Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a súa maxestade El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Rosón Ferreiro, Mercedes: Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a súa maxestade El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sabel Iglesias, Ana Belen: Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a súa maxestade El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sánchez-Brunete Varela, Alejandro: Xuro cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a súa maxestade El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sanmartín Rei, María Goretti: Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira e traballar a reo polas mulleres e homes de Santiago de Compostela e do conxunto do pobo galego e prometo tamén facelo por imperativo legal con lealdade a súa maxestade El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

A continuación proceden ao xuramento ou promesa como concelleira e concelleiro, a vogal e o presidente da mesa:

Dona Navia Rivas de Castro: Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira e defender os intereses xerais dos veciños e veciñas de Santiago de Compostela e do pobo galego e prometo por imperativo legal facelo con lealdade a súa maxestade El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Don José Antonio Sánchez Bugallo: Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a súa maxestade El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

TERCEIRO.- ELECCIÓN DE ALCALDE-PRESIDENTE.

Dou lectura ao artigo 196 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral que establece:

Que ma mesma sesión de constitución da Corporación se procede a elección de alcalde, de acordo co seguinte procedemento:

- a) Poden ser candidatos/as a alcalde todos os concelleiros ou concelleiras que encabecen as súas correspondentes listas.
- b) Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos de concelleiros e concelleiras é proclamado electo.
- c) Se ningún deles obtén dita maioría é proclamado alcalde o concelleiro ou concelleira que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente concello.”

De acordo co vixente Regulamento Municipal a votación vai ser secreta.

Iniciase o procedemento para a elección de Alcalde. Son candidatos o Sr. Sánchez Bugallo e o Sr. Hernández Fernández de Rojas.

Son chamados os concelleiros e concelleiras por orde alfabética, para que procedan a depositar o seu voto nunha urna e, rematado o mesmo, procédese ao recuento, co seguinte resultado:

En branco: 7 votos (2 en branco e 5 abstencións).

Don José Antonio Sánchez Bugallo: 10 votos.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: 8 votos.

En consecuencia, de conformidade co disposto no artigo 196.c) da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño de Réxime Electoral Xeral, non habendo maioría absoluta indico que será proclamado alcalde, o concelleiro que encabeza a lista que obtivo o maior número de votos populares, polo que a vogal da mesa de idade manifesta que queda proclamado Alcalde Don José Antonio Sánchez Bugallo.

CUARTO.- XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DO ALCALDE.

Sr. Sánchez Bugallo: “Prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde con lealdade a súa maxestade El-Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Despois de prestar a promesa regulamentaria, a vogal da mesa de idade dálle posesión do seu cargo ao señor Alcalde, que pasa a presidir o acto.

A seguir o Sr. Alcalde, fai o discurso de toma de posesión, co seguinte contido:

“Señor ex-presidente da Xunta, señor Delegado do goberno, señor Reitor da Universidade, señor Arcebispo, autoridades, veciños e veciñas de Compostela e compañeiros e compañeiras de Corporación e persoal municipal, hoxe comeza o mandato da undécima Corporación Municipal da nosa democracia, un novo mandato no que os cidadáns e as cidadás de Santiago téñenme concedido a enorme honra de presidir esta Corporación como Alcalde.

Quero comezar as miñas palabras facendo referencia a esta situación excepcional, inesperada para min ata hai apenas uns meses, pero que se fixo posible grazas ao apoio e a confianza dos composteláns e das compostelás.

E precisamente a eles, a todos os que me animaron polas rúas, aos que me apoiaron, e tamén aos que apoiaron a outras persoas e opcións políticas, quero agradecerlles a confianza que depositaron en todos nos, e persoalmente, se me permiten, a que me teñen outorgado novamente. Unha confianza á que só poderei responder cunha total dedicación, lealdade e compromiso, con todos e todas.

Ata o día 26, dixeran na campaña, era o candidato do partido socialista; pero tamén dixeran que a partir dese día quería ser o Alcalde de todos e todas as compostelás, independentemente do que votaran, do que pensen, da súa orientación ou do ámbito de Santiago no que vivan. Hoxe, solemnemente, diante de todos vostedes, quero renovar este compromiso de lealdade e de servizo a Compostela e a todas as súas veciñas e veciños.

Non habrá outro norte na miña labor, nin na do goberno que vou presidir, que servir a Compostela, e a través dela a Galicia, ese é o meu primeiro e principal compromiso. E quixera que estas palabras foran entendidas dende a humildade coa que as expreso, dende a paixón pola miña cidade, e tamén dende o compromiso sen ambigüidades.

Humildade, paixón e compromiso, valería dicir lealdade; tres palabras para expresar a decisión que tomei no seu día, no que o risco de non gañar só se podía afrontar con esas tres palabras. E traballo, moito traballo; tempo infinito de xuntanzas con veciños e veciñas, que durante meses nos facían coñecer as súas demandas, as súas inquiredanzas, todo aquilo que foran certezas noutro tempo e que agora xa non o eran; todo o que a crise deixou no camiño e aínda ninguén recolleu.

Non eran só cousas; tamén situacións, vidas, estados de ánimo; e compromisos, ducias de compromisos para dar resposta a centos de demandas. E tamén libretas, moitas nas que apuntar tantas demandas e compromisos, Nunca antes na miña vida tomara tantas anotacións.

O certo é que moi pronto decatámonos de que Santiago tería que afrontar nos vindeiros anos retos transcendentais; de como o fagamos, da nosa capacidade de superalos, e de como aproveitemos as oportunidades que se nos ofrecen, dependerá, sen dúbida, o futuro da nosa cidade.

E cando falo de oportunidades non o fago por referencia a situacións esperadas, senón por referencia a expectativas construídas. As oportunidades constrúense; construímoslas entre todos e todas; non podemos agardar a que cheguen, hai que poñer as condicións para que emerxan e se fagan realidade.

Só se sabemos onde queremos chegar, cal queremos que sexa o papel de Santiago, poderemos identificar as oportunidades para a nosa cidade; e só así, poderemos tamén ofrecer aquí un futuro para os nosos fillos e para as nosas netas.

Somos unha cidade que crea talento, e dóeme ver como a xente nova ten que buscar as súas oportunidades, para facer valer o seu talento, fóra de Santiago, de Galicia e incluso de España.

O Ano Santo 2021 é o grande reto deste mandato, e tamén a mais grande oportunidade. Pero faríamos mal se o fiáramos todo ao Ano Santo; tamén a nosa Universidade é unha fonte de oportunidades; a súa capacidade de investigación e desenvolvemento, especialmente en ámbitos como a biomedicina, o Hub tecnolóxico, recentemente aprobado, as novas tecnoloxías, ou a produción e a creación cultural, entre outros moitos, son fontes de oportunidade que debemos analizar e aproveitar conxuntamente.

Como o son a industria, o comercio, ou o turismo; tres espazos que merecen unha reflexión colectiva que conduza a unha transformación en consonancia cos retos do Século XXI. Precisamos renovar o noso modelo industrial incorporando novas estratexias e ampliando a nosa industria; reconducir e relanzar o noso comercio dende unha tripla orientación, a cidade, o seu entorno, e os seus visitantes; e tamén reformular a nosa aposta polo turismo, nun momento no que parece que a atracción está garantida, e toca buscar a selección e harmonizar a convivencia do turismo coa propia cidade.

En poucos anos, os modelos de traballo, de desprazamento, de mobilidade, que serviron de pauta no derradeiro cuarto do Século XX quedarán obsoletos; a tecnoloxía, a interconectividade, o traballo en liña, os novos modos de ocio, servirán para que os hábitos de vida que construíron a cultura das nosas xeracións cambien de modo definitivo. E tamén as nosas cidades, os seus fluxos, as razóns do movemento das veciñas e veciños.

De como sexamos capaces de pensar, de xestionar e aproveitar as oportunidades dependerá o éxito ou o fracaso, non xa do goberno municipal ou desta Corporación, senón da Cidade, e con ela de toda a veciñanza.

Todo indica que teremos que afrontar un goberno, cando menos inicialmente, sen ter garantido o apoio maioritario da Corporación. Esta é a situación na que nos puxeron os cidadáns, moi semellante por certo á da anterior corporación, aínda que con actores diferentes.

Diante de nós ábreanse escenarios diversos: un goberno en minoría sen máis; creo sinceramente que con limitadas posibilidades de éxito para acadar os obxectivos propostos; un pacto ou acordo de goberno con outras formacións políticas que garantan a maioría, que pode ser unha fórmula válida que ofrezca estabilidade como xa sucedeu no pasado, e que polo tanto non debe ser descartada; e finalmente, un escenario de diálogo e negociación permanente, sen exclusións, intentando incorporar a toda a Corporación, ou cando menos aos que estean dispostos a confluír no proceso de definición dos obxectivos e do proxecto de cidade, e, xa que logo, na súa consecución.

Particularmente, e con absoluta sinceridade, penso que esta é a fórmula preferida pola maioría dos cidadáns, e a que mellor responde aos resultados do 26 de maio. Cada un dos que estamos aquí representamos lexitimamente a Santiago; cada un de nós foi elixido polas veciñas e veciños, que tamén lexitimamente poden esperar que utilizemos o seu voto para traballar xuntos, por Compostela, e ao servizo de toda a veciñanza.

Ao longo deste proceso electoral, cada quen expuxo o seu particular modo de comprender a cidade, de identificar eivas e apuntar solucións, pero por riba das diferenzas, todas e todos asumimos e manifestamos compromisos compartidos.

Teño presente ante min o acordo asinado por todos os cabezas de lista na Cámara de Comercio co Foro Cívico a prol da defensa e da activación en común dos intereses xerais de Santiago de Compostela, con referencia expresa á industrialización, á estación intermodal, ás infraestruturas, á EDAR e á reforma e modernización da Administración Municipal. Cinco elementos claves para o futuro desenvolvemento de Santiago e que todos debemos apoiar sen fisuras.

Igualmente, todas as formacións políticas nesta cidade, urbana e rural, asumimos o compromiso do Pacto polo Rural, que inclúe, entre outras cousas, levar auga e saneamento a todas as parroquias nun prazo de oito anos. E para iso, a creación do Consello Municipal do Medio Rural, configurado como un espazo de encontro e colaboración entre as entidades representativas do medio rural e as distintas formacións políticas, vai ofrecer unha gran oportunidade de traballo en común.

Todos manifestamos na campaña electoral a necesidade de revisar o modelo turístico e buscar un modelo sostible, máis rendible economicamente, e que permita a convivencia entre a poboación local e o turismo, e tamén o apoio ao comercio local, sen o cal non é concebible o modelo de cidade que compartimos e defendemos.

A necesidade de recuperar o Consorcio da Cidade de Santiago como instrumento imprescindible e efectivo, derivado da súa función como órgano executivo do Real Padroado da Cidade; e con ilo, a recuperación da posición institucional de Santiago como cidade singular dentro de Galicia e de España, é outro obxectivo común que fai imprescindible unha política de entendemento e colaboración institucional, e moi especialmente coa Xunta de Galicia e co goberno de España.

É moito mais o que nos une que o que nos separa; ou se me permiten dicilo doutro xeito, únenos Santiago, únennos os composteláns e as compostelás, que aínda que se dividan para votar, ao día seguinte forman parte da mesma cidade, comparten os mesmos problemas, e teñen aspiracións e necesidades comúns.

Hoxe, apelo a iso que nos une para facer xuntos desta cidade un referente para Galicia e para España. E apelo á responsabilidade compartida, á corresponsabilidade, á que cada quen, dende a posición que lle deron os cidadáns, se sinta parte desta tarefa conxunta e compartida de construír Compostela.

O Ano Santo 2021 é un reto inminente; millóns de persoas van vir ese ano; debemos acollelas nunha cidade ordenada, amable, acolledora, limpa e segura; e para iso, o Goberno Municipal vai por en marcha, con carácter inmediato, unha comisión de traballo preparatoria, que quere contar co compromiso, o apoio e a colaboración de

todos. Non lles oculto tampouco, que a cooperación e o traballo común coa Igrexa, a Xunta e o goberno de España será imprescindible para acadar o éxito neste obxectivo.

Outros obxectivos que figuran no programa do Goberno Municipal poden e deben ser compartidos por todos os grupos municipais, por exemplo o Plan Estratéxico Compostela 2020-2030. A súa elaboración e posta en marcha require a participación e o compromiso dos axentes sociais e tamén de todas e cada unha das forzas políticas.

A recuperación da Cidade Histórica, como cidade viva e habitada, que oferte a mesma calidade de vida para os seus veciños que no resto da cidade, debe estar no centro das nosas preocupacións. A posta en marcha da Concellaría, da oficina e do Consello Municipal da Cidade Histórica vai requirir, así mesmo, do esforzo e participación de todas e todos.

E outro tanto ocorre, coa recuperación da posición, o prestixio e a presenza de Santiago a nivel nacional e internacional. Tamén este ten que ser un obxectivo común de toda a Corporación.

En definitiva, trátase de que entre todos fagamos de Santiago unha cidade inclusiva, igualitaria, aberta, con oportunidades para todas e todos, en suma, unha boa cidade para vivir e traballar, porque esta é sen dúbida a razón pola que nos escolleron os veciños e veciñas de Compostela.

Santiago ten que ser unha cidade solidaria que protexa especialmente ás persoas con maiores dificultades: ás que viven soas, aos nosos maiores, ás persoas con diversidade funcional, en risco de exclusión social... todas e todos eles deben sentir a cidade como unha gran familia que protexe, ampara e coida aos seus membros.

A revitalización dos nosos barrios, a súa articulación interior e integración co resto da cidade son necesidades sentidas pola veciñanza e compartidas por todos nós.

Sei que todos estes, e moitos máis, son obxectivos compartidos e desexados, e por iso chámolles a unir esforzos, a construír vontades que conduzan á súa consecución.

Celebro, como non pode ser doutro xeito, unha evolución positiva nos últimos anos en Santiago no que se refire a un maior protagonismo da sociedade civil; institucións como a Cámara de Comercio, o Foro Cívico, as Asociacións de Empresarios e Comerciantes, e en xeral todo o movemento asociativo, están chamados a ser parte activa e protagonista de todos e cada un dos procesos que se desenvolvan.

Benqueridas veciñas e veciños, Concelleiras e Concelleiros, ¿Non será posible que ao redor destes, e doutros obxectivos semellantes, poidamos acordar e traballar todos xuntos por Santiago? Estou seguro que si.

Unha das moitas vantaxes da idade é que o futuro vese doutra maneira. Os meus colaboradores non queren que diga isto; pero a verdade é que esta é a oitava vez que tomo posesión coma Concelleiro, e a quinta que tomo posesión como Alcalde de Santiago. Non lles podo ocultar que, xunto coa segunda, que foi a primeira resultado directo dunhas eleccións, esta é a que me produce maior emoción e ilusión, pero tamén, é a máis cargada de responsabilidade e de preocupacións polo futuro da cidade.

Sei que vai ser un proceso complexo, que vai requirir paciencia case infinita e multitude de esforzos; que moitas veces teremos que dar o empate como unha boa solución, e que todos debemos ceder para acadar acordos en beneficio de Compostela. Porque se non o facemos perderá Santiago.

Teñan por certo, porque é así, que non teño preocupación algunha polo resultado electoral de 2023, nin me preocupa nin me vai ocupar un só instante deste mandato; pero si teño toda a preocupación, e dedicarei toda a miña ocupación a que Santiago aproveite estes catros anos para tomar un impulso decisivo.

Asegúrolles que se o facemos así será un éxito de todos e un triunfo para Compostela. E por iso pídolles o mesmo que ofrezco, lealdade á cidade, xenerosidade, diálogo e altura de miras, en suma “política”; pero POLÍTICA da que se escribe con maiúsculas.

Son dos que pensan que a política municipal é a mais intensa, a que proporciona maior proximidade cos veciños e veciñas, aquela na que a xente coñece mais aos políticos e esixe mais de nós. Ningunha outra experiencia é tan directa como a que levamos a cabo desde os municipios; ningunha coñece e comparte do mesmo xeito as situacións nas que se desenvolve a vida dos veciños.

Quero que este sega a ser o norte de todos nós, a vida dos veciños e veciñas de Santiago, especialmente a de aqueles que necesitan mais o apoio e o estímulo do concello. O mais importante da nosa dedicación non está nos despachos nin nos actos institucionais; o mais importante está fora, nas rúas e nas casas da xente de Compostela, e a eles debémonos totalmente.

Non quero rematar sen dirixir unhas palabras ao persoal ao servizo do Concello. Sen a súa participación e implicación activa, en definitiva, sen eles, sería imposible acadar todos estes obxectivos. Non falo de nada que lles sexa novo; foron quen de facelo noutros momentos e estou convencido de que poderemos contar coa súa profesionalidade e dedicación nesta nova etapa; aínda que sei das dificultades que

tiveron e teñen que afrontar como consecuencia dunha longa década de recortes e de outras moitas cousas.

Quero convidar á sociedade civil a que sexa partícipe activa dos procesos; partícipe e esixente con todos os seus representantes, comezando polo goberno municipal e por quen lles fala; que non se conforme co que temos, Santiago pode e debe facelo moito mellor e chegar máis lonxe.

E permítanme estas últimas palabras para agradecerlle á miña familia, singularmente á miña filla, que tantas veces me animou a “non” presentarme, e á miña nai, que hoxe me acompaña, a súa comprensión e apoio permanentes; probablemente elas sexan un pouco vítimas desta miña paixón pola cidade.

Quero tamén agradecer a todas e todos os que me acompañaron neste camiño durante todos estes meses; aos que formaron parte da miña candidatura pero tamén aos que sen formar parte estiveron ao meu carón neste proceso, sen o seu apoio e traballo hoxe non estaría aquí.

E moi especialmente, igual que empecei, aos veciños e veciñas de Compostela por manterme no seu recordo e no seu corazón todos estes anos.

Moitas grazas.”

Non sendo outro o obxecto da reunión o Sr.Alcalde-Presidente a da por rematada sendo as 11:55 horas. Dou fe.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,